


# RUTA 1: DO MONTE CIDO



A ruta comeza á entrada da aldea de Esperante por un camiño asfaltado que sube á beira da estrada principal. Os poucos metros atópase a capela de Esperante e un pouco máis adiante desvíase a man dereita e éntrase nun pequeno souto. Chégase á aldea de Carbedo e continúaase por un camiño asfaltado que despois dun tramo comeza a ascender por un sendeiro de terra que segue a man

dereita. Pásase ó carón duns sequeiros que son construcións en pedra tradicionais usadas para secar e almacenar as castañas. Poseen un piso inferior no que se prende o lume e outro superior no que se colocan as castañas. Continúaase a ruta ata chegar a Liñariños e séguese en dirección ó Castelo de Carbedo que se atopa dende este punto a unha distancia de 700 metros.



Atravésase un piñeiral e comeza o ascenso ó castelo que está no alto dun outeiro poboado por aciñeiras.

**A Pé**    **2h45m**    **7,8 Km**    **Circular**    **Dificultade**

Construído na Idade Media para fortificar o paso entre Galicia e o Bierzo, alzáse sobre unha gran rocha de 20 metros que actúa como defensa natural.



O castelo conserva parte dos muros e o seu torreón circular. Ó sur do castelo érguese o cumio do Monte Cido.



Retómase a ruta baixando polo sendeiro do castelo novamente e continúaase por un sendeiro de terra poboado por abelairas.



Máis adiante atópase un cruce que indica o desvío que ofrece 3 alternativas para continuar a ruta. A 1ª pasa polas inmediacións da aldea de Campelo ata chegar a Moreda onde se pode observar a Devesa da Rogueira e unha aira típica do Caurel.

A 2ª toma o desvío descendendo en dirección a Moreda Maior e a 3ª ascende bordeando o cumio da montaña chea de aciñeiras e acivros en dirección ós castros e a necrópolis e amosa vistas ó Castelo de Carbedo.

Tódalas alternativas acaban atravesando un chairo de carballos e continúan de novo en dirección a Esperante.



Logo de pasar polo medio dun souto e ascender de xeito moderado por un sendeiro chégase á aldea, punto de partida, onde remata a ruta.



## LENDA

- |  |           |  |           |
|--|-----------|--|-----------|
|  | Inicio    |  | Reboeira  |
|  | Dirección |  | Souto     |
|  | Castelo   |  | Aciñeiral |
|  | Castro    |  | Igrexa    |
|  | Aldea     |  | Sequeiro  |

Ruta do Monte Cido